H A M L E T M A S C H I N E

Heiner Müller

Traducción Santiago Vidal

MATARILE 1989

Cartel de MATARILE 1989

Dirección
Ana Vallés
Baltasar Patiño

Adaptación
Ana Vallés

Intérpretes
Xan Cordeiro
Ana Vallés

Voz Hamlet
Paco Souto

Traducción
Santiago Vidal

Música original y directo
Baltasar Patiño

Iluminación + espacio
Baltasar Patiño

Figuras
Matarile Taller

Produce
Matarile

HAMLETMASCHINE

Ana Vallés

H A M L E T M A S C H I N E

Texto escaneado del original en máquina de escribir 1989



diseño para HAMLETMASCHINE 1989
Baltasar Patiño
(maquina de escribir fotocopiada)

"A Maquinahamlet."

Heiner Müller

1

ALBUM DE FAMILIA

Eu fun Hamlet. Planteime na ribeirã e falei coa oleaxe BLA BLA, ás miñas costas as ruínas de Europa. As campás anunciaron o funeral oficial, asesiño e viuda, unha parella, ao paso da oca tras do cadaleito do ilustre cadavre os consellæiros, chorimicando nun dó mal pagado QUÉN É O DIFUNTO DO COCHE FÚNEBRE/ POR QUÉN SE OEN TANTOS BERROS E LAIOS/ É O CADAVRE DUN DOS GRANDES/ DONANTES DE ESMOLAS as fías da poboación, froito das súas dotes de goberno FOI UN HOME QUE SÓ COLLEU TODO A TODOS. Eu detiven o cortello fúnebre, forcei o cadaleito coa espada, a folla quebrou, co resto sen gume logreino, e distribuín ao proxenitor morto CARNE E CARNE BÚSCANSE entre as figuras miserábeis que o rodeaban. O loito tornouse xúbilo, e o xúbilo en lamboneiría, sobre o cadaleito baleiro o asesiño montou á viuda QUERES QUE CHE AXUDE A RUBIR TÍO ÁBRETE DE PERNAS MAMÁ eu tendinme en terra e escoitei ao mundo dar as súas voltas ao ritmo cadencioso da putrefacción.

I'M GOOD HAMLET GI'ME A CAUSE FOR GRIEF AH
THE WHOLE GLOBE FOR A REAL SORROW RICHARD
THE THIRD I THE PRINCE-KILLING KING
OH MY PEOPLE WHAT HAVE I DONE UNTO THEE
(EU SON O BON HAMLET DÁDEME UN MOTIVO PRA CHORAR AH
O MUNDO ENTEIRO POR UNHA DOR AUTÉNTICA
RICARDO TERCEIRO EU O REI MATA-PRÍNCIPES

OUH MEU POBO QUE TE FIXEN)

ARRASTRO O MEU PESADO CEREBRO COMO UNHA CHEPA
PAIASO NÚMERO DOUS NA PRIMAVERA COMUNISTA
SOMETHING IS ROTTEN IN THIS AGE OF HOPE
LET'S DELVE IN EARTH AND BLOW HER AT THE
MOON
(ALGO CHEIRA A PODRE NESTA ERA DE ESPRANZA
CAVEMOS NA TERRA E BOTÉMOLA Á LUA)

Velai ven a pantasma que me creou, a machada aínda no cráneo. Non tires o sombreiro, sei que tés un buraco de máis. Quixera que a miña nai tivese un de menos, cando ti eras carne: teríame librado de min mesmo. As femias deberían ser cosidas, un mundo sen nais. Poderiamos escahizarnos os uns aos outros con toda tranquilidade e certo optimismo, cando a vida se nos faga longa de máis ou a gorxa estreita praos nosos berros. Qué queres de min. Non che chega cun funeral oficial. Vello pedichón. Non tes os zapatos manchados de sangue. Qué me importa o teu cadavre. Podes estar contento, o mango sobresae, cecais vaias ao ceo. Qué estas agardando. Os galos foron degolados. Non haberá máis mencer.

TEREI
QUE ESPETAR COMO É COSTUME UN ANACO DE FERRO
NA CARNE MÁIS PRÓXIMA OU NA SEGUINTE
QUE SUXETARME XA QUE O MUNDO XIRA
ROMPE SEÑOR O MEU PESCOZO CANDO CAIA DA
BANQUETA DUNHA TABERNA

Entrada de Horacio. Cómplice dos meus pensamentos, cheos de sangue, desde que o ceo baleiro cobre a mañán. MEU AMIGO CHEGAS

TARDE DE MAIS POLA TÚA PAGA/ NON HAI LUGAR PRA TI NA MIÑA TRAXEDIA. Horacio, ti coñécesme. Es meu amigo, Horacio. Se ti me coñeces cómo podes ser o meu amigo. Queres interpretar a Polonio, que quere durmir coa súa filla, a atractiva Ofelia, velaí ven xusto a tempo, mira cómo move o traseiro, un persoaxe tráxico. HoracioPolonio. Xa sabía eu que ti eras un actor. Eu tamén o son, eu interpreto a Hamlet. Dinamarca é un cárcere, entre nosoutros medra un muro. Saída de Polonio. Miña nai a noiva. Os seus peitos unha taboada de roseiras, o seu ventre foxo de serpes. Desaprendiche o teu texto, mamá. Eu sóproche LAVA O CRIME DA TÚA FACIANA MEU PRINCIPE/ E MIRA CON BOS OLLOS Á NOVA DINAMARCA. Fareite de novo virxe, nai, pra dar ao teu rei unha boda sanguiñenta. O VENTRE DUNHA NAI NON É RÚA DE SENTIDO ÚNICO. Agora átoche as mans ás costas, porque a túa aperta repúgname, co teu veo de noiva. Agora racho o teu traxe de noiva. Agora tés que berrar. Agora mancho os farrapos do teu traxe de noiva coa terra, na que se transformou o meu pai, cos farrapos a túa cara o teu ventre os teus peitos. Agora eu fórzote, miña nai, tras o invisíbel rastro seu, do meu pai. Abafo o teu berro cos meus beizos. Recoñeces o froito do teu ventre. Agora vaite á túa boda, puta, ufana baixo o sol danés, que brila sobre vivos e mortos. Quero atascar o retrete co cadavre, pra que o pazo se afogue na realísima merda. Despois, Ofelia, déixame comer o teu corazón, que chora as miñas bágoas.

2

A EUROPA DA MULLER

"Enormous Room. Ofelia. O seu corazón é un relox."

OFELIA (CORO/HAMLET)

Eu son Ofelia. A que o río non retivo A muller da forca A muller das veas cortadas A muller da sobredose NEVE SOBRE OS BEIZOS A muller da cabeza no forno de gas. Onte deixei de matarme. Estou soa cos meus peitos os meus muslos o meu ventre. Rompo os instrumentos do meu encadeamento, a silla a mesa a cama. Destrúo o campo de batalla que foi o meu fogar. Abro de sócato as portas, pra que o vento poida pasar e o berro do mundo. Destrozo a fiestra. Coas miñas mans sangantes racho as fotografías dos homes que amei e que me usaron sobre a cama sobre a mesa sobre a silla sobre o chan. Eu prendo lume á miña prisión. Eu boto os meus vestidos ao lume. Eu desenterro do meu peito o reloxo que foi o meu corazón. Eu vou pola rúa vestida co meu sangue.

S

3

SCHERZO

"Universidade dos mortos. Cochicheos e murmurios. Desde as súas lousas (cátedras) os filósofos mortos botan os seus libros a Hamlet. Galería (ballet) de mulleres mortas. A muller da forca A muller das veas cortadas, etc. Hamlet contémplaas coa actitude dun visitante de museo (teatro). As mulleres mortas arríncanlle a roupa do corpo. Dun ataúde endereitado coa inscripción HAMLET I saen Claudio e, vestida e maquillada de puta, Ofelia. Striptease de Ofelia."

OFELIA

Queres comer o meu corazón, Hamlet. "Ri."

HAMLET "tapando a cara coas mans."

Quero ser unha muller.

"Hamlet pon os vestidos de Ofelia, Ofelia píntalle unha carauta de puta, Claudio, agora pai de Hamlet, ri sen son, Ofelia lanza un bico coa man a Hamlet e regresa ao cadaleito con Claudio/Hamlet pai. Hamlet en pose de puta. Un anxo co rostro na caluga: Horacio. Baila con Hamlet."

VOZ (VOCES) "desde o cadaleito:"

O que matache, terás que amar.

"O baile vólvese máis rápido e máis salvaxe. Gargalladas desde o cadaleito. Nunha rendea, a Virxe do Cáncer de peito. Horacio abre un paraugas. Abraza a Hamlet. Inmovilízanse lentamente, abrazados baixo o paraugas. O cáncer de peito resplandece como un sol."

4

PESTE EN BUDA BATALLA

POR GROENLANDIA

"Espacio 2, arrasado por Ofelia. Armadura baleira. machada no casco."

HAMLET

A estufa bota fume no axitado octubro.

A BAD COLD HE HAD OF IT JUST THE WORST TIME

JUST THE WORST TIME OF THE YEAR FOR A REVOLUTION

(MAL RESFRIADO TIVO XUSTO NO PEOR MOMENTO

XUSTO O PEOR MOMENTO DO ANO PRA UNHA REVOLUCIÓN)

A traverso dos suburbios o cemento florece.

O Doctor Zhivago chora

polos seus lobos

ÁS VECES NO INVERNO VIÑAN AO POBO
ESCACHIZABAN A UN LABREGO

"Tira a carauta e o disfraz."

INTÉRPRETE DE HAMLET

Eu non son Hamlet. Non xogo xa ningún papel. As miñas palabras xa non teñen ren que decirme. Os meus pensamentos chuchan o sangue das imaxes. O meu drama xa non ten lugar. Detras de min móntase o decorado. Por xente a quen o meu drama non lle interesa, pra xente a quen o meu drama non lle di nada. A min tampouco me interesa xa. Eu non xogo máis. "Os tramoístas, sen que o intérprete de Hamlet o advirta, colocan unha neveira e tres aparatos de televisión. Zunido da neveira. Tres programas sen son." O decorado é un moimento. Representa, cen veces ampliado, a un home que fixo historia. A petrificación dunha espranza. O seu nome é intercambiábel. A espranza non se cumpriu. O moimento xace por terra, demoído tres anos despois do funeral oficial do odiado e o venerado polos seus sucesores no poder. A pedra está habitada. Nos espaciosos orificios de nariz e orellas, nos plegues da pel e do uniforme da estatua destruída, aniñan os habitantes máis pobres da metrópoli. Á caída do moimento, tras un tempo prudencial, sucédelle a sublevación. O meu drama, se aínda tivese lugar, tería lugar na época da sublevación. A sublevación empeza como un paseo. Contra as regras de circulación, en horas de traballo. A rúa pertence aos peatóns. Por aquí e por alá vólcase un automóvil. Pesadelo dun lanzador de coitelos: lento recorrido por unha rúa de sentido único cara un irrevocábel aparcamento, cercado por peatóns armados. Os policías, se os hai no camiño, són botados ás aceiras. Cando a moitedume se aproxima ao distrito gubernamental é detida por un

cordón policial. Fórmanse grupos, xurden oradores deles. No balcón dun edificio gubernamental aparece un home con frac mal axustado e fala el tamén. Cando lle alcanza a primeira pedra, el tamén se retira tras a porta de dúas follas de cristal anti-balas. A consigna de máis libertade transfórmase en berro pola caída do goberno. Comezan a desarmar aos policías, tómanse por asalto dous tres edificios, un cárcere unha comisaría un despacho da policía secreta, són pendurados polos pés unha ducia de peóns do poder, o goberno fai intervir ás tropas, tanques. O meu sitio, se o meu drama aínda tivese lugar, estaría en ámbolos dous lados do frente, en meio dos frentes, por enriba. Estou entre o tufo do suor da multitude e tiro pedras a policías soldados tanques cristal anti-balas. A través da porta de dúas follas de cristal anti-balas miro a multitude que avanza e ulo o meu suor de medo. Eu axito, esganado por caímbras de vómito o meu puño contra min, aquel que se acha tras do cristal anti-balas. Eu véxome, sacudido de temor e desprecio, entre a multitude arrasadora, a min, botando escuma pola boca, axitando o meu puño contra min. Penduro polos pés a miña carne uniformada. Son o soldado da torreta do tanque, a miña cabeza está baleira baixo o casco, e son o berro abafado baixo as cadeas. Eu son a máquina de escribir. Eu preparo a sogueira, cando os cabecillas van ser pendurados, aparto a banqueta, parte o meu pescozo. Eu son o meu prisioneiro. Eu dou de comer os meus datos ás computadoras. Os papeis que xogo són cuspe e cuspideira coitelo e ferida colmillo e gorxa pescozo e sogueira. Eu son o banco de datos. Sango entre a multitude. Tomo folgo trala porta de dúas follas. Segrego moco de palabra na miña burbulla insonorizada, por enriba da batalla. O meu drama non tivo lugar. O manuscrito perdeuse. Os actores

penduraron os seus rostros no nercheiro do camerino. O apuntador apodrece no seu buraco. No patio de butacas os cadavres disecados dos apestados nin sequera moven as mans. Vourre prá casa e mato o tempo, conforme/Co meu eu non dividido.

Ver televisión. O noxo cotián. Noxo
De baduada prefabricada do bon humor prescrito

Cómo se escribe BENESTAR
O crime noso de cada día dénolo hoxe
Pois túe é a Nada Noxo

Das mentiras que són cridas
Polos mentireiros e por ninguén máis Noxo
Das mentiras que són cridas Noxo
Nas carras dos executivos marcadas
Pola loita dos postos os votos as contas bancarias
Noxo Unha cuádriga con fouces de follas que brilan
Atravesa máis centros comerciais Carras
Coas cicatrices da batalla do consumo Pobreza
Sen dignidade Pobreza sen a dignidade
Do coitelo da manopla do metal do puño
Os corpos humillados das mulleres
Esperanza das xeracións
Afogadas en sangue cobardía estupidez
Gargallada desde ventres mortos
Heil COCA COLA
Un reino
Por un asesinato
[illegible]
[illegible]

COÑECIN CADA LUAR DAS SUAS CADEIRAS
RASKOLNIKOV PERTO DO CORAZÓN
BAIXO A ÚNICA CHAQUETA A MACHADA PARA
O/ÚNICO/CRÁNEO DA PRYSTANISTA
Na sociedade dos aeroportos
Tomo un respiro Eu son
Un privilexiado O meu noxo
É un privilexio
Protexido por muro
Aramio de espiñas cérrere

"Fotografía do Autor"

Xa non quero comer beber respirar amar a unha muller a un home a un neno a un animal nunca máis. Xa non quero morrer. Xa non quero matar.

"Ráchase a fotografía do autor."

Abro a miña carne precintada. Quero habitar nas miñas veas, na médula dos meus osos, no labirinto do meu cráneo. Retírome ás miñas vísceras. Tomo asento na miña merda, meu sangue,. Nalgures són esnaquizados corpos, pra que eu poida habitar na miña merda. Nalgures són abertos corpos, pra que eu poida quedarme a soas co meu sangue. Os meus pensamentos són feridas no meu cerebro. O meu cerebro é unha cicatriz.(1) Quero ser unha máquina. Brazos pra coller pernas pra camiñar ningunha dor ningún pensamento.

"Pantallas de televexo en negro. Sangue da neveira. Tres mulleres espidas: Marx Lenin Mao. Din simultáneamente en cadansúa língua o texto"COMPRE DERROCAR AS CONDICIONS EXISTENTES NAS QUE O HOME...

"O intérprete de Hamlet pon carauta e vestuario."

HAMLET PRÍNCIPE DOS DANESES E PASTO DE VERMES

TROPEZANDO

DE BURACO EN BURACO CARA O ÚLTIMO BURACO

CON DESGANA

ÁS SUAS COSTAS A FANTASIA QUE

O CREOU

VERDE COMO A CARNE DE OFELIA DESPOIS

DO PARTO

E MUSTAMENTE ANTES DO TERCEIRO CANTO DO GALO UN PAIASO

DESTROZA

O GORRO DE BUFÓN DO

FILÓSOFO

UN FINO BULL-DOG MÉTESE A RASTRAS NO

TAMAUL

"Entra na armadura, corta coa machada as cabezas de Marx Lenin Mao. Neve. Época glaciar."

5

FEROZ ESPERA / NA TERRÍBEL

ARMADURA / MILENIOS

"Augas profundas. Ofelia en cadeira de rodas., Peixes restrobellos cadavres e anacos de cadavres á deriva."

OFELIA

"Mentras dous homes con batas brancas embalan a Ofelia e a cadeira de rodas con venda de gasa, de abaixo arriba."

Á fala Electra. No corazón da oscuridade. Baixo o sol da

tortura. Ás metrópolis do mundo. En nome das víctimas. Expulso todo o esperma que recibín. Convirto o leite dos meus peitos en veleno mortal. Devolvo ao meu ventre o mundo que parín. Afogo entre os meus muslos ao mundo que parín. Sepúltoo nas miñas partes. Abaixo a felicidade da sumisión. Viva o odio, o desprecio, a sublevación, a morte. Se cruzo os vosos dormidoiros con coitelos de carniceiro saberedes a verdade.

"Saen os homes. Ofelia fica en escea inmóvil, envolta en branco."



1989 Algunos diseños gráficos para HAMLETMASCHINE de Baltasar Patiño

Realizada por el taller MATARILE
Figura de HAMLETMASCHINE